

PASEO LITERARIO E TOPONÍMICO POLA RÍA DE VIGO E A ILLA DE ONS



A Concellaría de Normalización Lingüística organiza (en colaboración co Instituto de Estudos Miñoranos) un paseo literario e toponímico pola Ría de Vigo e a Illa de Ons. Talasonimia, lendas e naufraxios na ría de Vigo; seguiremos o desenvolvemento da novela *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo e coñeceremos máis sobre os nomes de lugar da nosa ría.

Guiarán este percorrido Pedro Feijoo, Xosé Lois Vilar (arqueólogo) e Gonzalo Navaza (investigador da toponimia).

Itinerario

-Data: **sábado, 2 de xullo de 2016**

-**8:45**: reunirémonos no Náutico, fronte á entrada principal (no lado das Avenidas)

-**9:30**: saída do barco

-Travesía e visita á illa guiada. Nelas falaremos dos lugares da novela, dos naufraxios e da toponimia da illa e da ría

-Cada viaxeiro/a poderá levar a súa comida ou xantar nos restaurantes da illa

-**20:30**: saída rumbo a Vigo

Prezo: 12 euros (travesía e visitas, non inclúe a comida)

Reservas de praza:

- Dende o 20 ata o 23 de xuño, de 10:00 a 13:00, no teléfono 986 36 05 75 (Instituto de Estudos Miñoranos). En cada chamada só se poderán reservar, como máximo, 4 prazas. Paseo para maiores de 12 anos
- De lle confirmar a praza, deberán facer o aboamento na conta corrente 2080.5035.07.3040014164 de ABANCA
- No "concepto" do depósito debe constar a indicación "Ons" acompañada dos números de viaxeiros que se lle outorgarán na reserva telefónica. Logo deben enviar o comprobante do ingreso ao correo electrónico oficina@minhor.org
- IMPORTANTE**: de non enviar o comprobante antes do día 28 de xuño, será eliminada esa reserva